

Xoves, 17 de setembro de 2026

Núm. 179

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****REDONDELA****Persoal, oposicións**

MODIFICACIÓN DA DATA DE CONSTITUCIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO QUE SE CONVOCOU PARA CUBRIR 3 PRAZAS DE OPERARIOS/AS DE LIMPEZA VIARIA (OPE 2022-2023)

ANUNCIO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2026-3399, con data de 14/09/2026, pola que estableceu unha nova data de constitución do órgano de selección do proceso selectivo que se convocou para cubrir tres prazas vacantes de persoal laboral fixo denominadas OPERARIOS/AS DE LIMPEZA VIARIA, a tempo completo, polo sistema de oposición libre e incluídas nas Ofertas de Emprego Público dos anos 2022 e 2023, na cal se establece o seguinte,

“RESOLUCIÓN

As bases xerais que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm.: 50, do 13/03/2015 e as súas rectificacións, nos BOPPO núm.: 77, do 22/04/2016, núm.: 25, do 08/02/2021 e núm.: 152, do 10/08/2022.

As bases específicas para cubrir tres prazas vacantes de persoal laboral fixo denominadas OPERARIOS/AS DE LIMPEZA VIARIA, a tempo completo, equiparadas a outras agrupacións profesionais sen requisito de titulación da función pública (Disposición adicional 6ª do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), categoría operario/a e incluídas nas Oferta de Emprego Público dos anos 2022 e 2023, mediante o sistema de oposición libre, publicáronse no BOPPO núm.: 169, do 05/09/2025.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2026-0096, con data de 13/01/2026, pola que aprobou a lista provisional de persoas admitidas no proceso selectivo que se convocou para cubrir tres prazas vacantes de OPERARIOS/AS DE LIMPEZA VIARIA, que se publicou no BOPPO núm.: 11, do 19/01/2026.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2026-3184, con data de 27/08/2026, pola que aprobou a lista definitiva das persoas admitidas, o órgano de selección, a data de constitución do órgano de selección e a data de inicio da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para cubrir tres prazas vacantes de OPERARIOS/AS DE LIMPEZA VIARIA, que se publicou no BOPPO núm.: 168, do 02/09/2026.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 9GNK2B278O08QW6



Xoves, 17 de setembro de 2026

Núm. 179

Nesta resolución estableceuse que a data de constitución do órgano de selección do antedito proceso selectivo sería o día 23/09/2026.

O órgano de selección solicitou modificar a data prevista para a súa constitución por motivos organizativos e profesionais.

Polo que, para garantir o correcto funcionamento deste órgano de selección e, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Establecer unha nova data de constitución do órgano de selección do proceso selectivo que se convocou para cubrir tres prazas vacantes de OPERARIOS/AS DE LIMPEZA VIARIA (Persoal Laboral Fixo), polo sistema de oposición libre, sen que implique a modificación da data prevista para a realización do 1º exercicio da fase de oposición.

SEGUNDO: A nova data de constitución do órgano de selección deste proceso selectivo será o:

DÍA: 25/09/2026

HORA: 12:00

LUGAR: Multiúsos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n, Redondela.

TERCEIRO: Publicar no BOPPO, na sede electrónica, na páxina web (<https://redondela.gal/categoria/empleo-publico/persoal-laboral-fixo/>) e no taboleiro de anuncios do concello a modificación da data de constitución do órgano de selección deste proceso selectivo.

CUARTO: Contra a resolución da alcaldesa aprobatoria da antedita modificación, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta resolución (artigo 124, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben recurso contencioso-administrativo perante a sección do contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia de Vigo, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa."

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:9GNK2B2780O8QQW6

